





Letras bandoleiras

Pepa a Loba · Carlos G. Reigosa · Xerais. 2006 · 152 páx. · 16 euros

Carlos G. Reigosa. Paixón por saber e arte de contar · Ángel Basanta (Coord.) · Xerais. 2006 · 117 páx. · 15 euros

Unha novela de interese, contada cun ritmo áxil nun fluír argumental moi cinematográfico coa forza do mito latexante en cada parágrafo.

N a dilatada traxectoria literaria de Carlos G. Reigosa cóntanse títulos que, con xustiza e por ben diversas razóns, han ficar na nosa historia como obras de referencia. Velaí, poño por caso, o arquifamoso *Crime en Compostela* (1984), texto que inaugura un vieiro subxenérico e que, xustamente por iso, merece un recoñecemento cando menos histórico-documental; velaí, tamén, os relatos de *Homes de Tras da Corda* (1982), onde o lector curioso poderá atopar algún dos mellores contos neotradicionais das últimas décadas (por exemplo: «O tesouro de Petro Xesto»); velaí, en fin, as intensas páxinas de *Intramundi* (2002), a meu ver, e polo de agora, a súa mellor obra, retrato esencial dunha Galicia que é raíz de nós, sempre. Son, todas elas, obras que con fondura e sabenza analiza acaidamente Ángel Basanta na monografía *Carlos G. Reigosa. Paixón por saber e arte de contar*, volume no que tamén colaboraron co crítico lugués os investigadores Federico Cocho (profundando na faceta xornalística de Reigosa) e León T. Vivanco (listando unha moi ampla bibliografía do escritor), un texto co que Xerais abre, amais, unha nova serie editorial, a Colección Estudos Literarios.

A monografía coordinada por Basanta ve luz coincidindo coa aparición nas nosas librerías este outono de *Pepa A Loba*, a máis recente entrega narrativa do autor pastoricense. Unha novela de interese, contada cun ritmo áxil e onde a incesante acción e os frecuentes diálogos minimizan a presenza do digresivo ou descriptivo, nun fluír argumental moi cinematográfico, de grande plasticidade, que fai das súas planas todo un exercicio de recreación histórico-lendaria onde o cadoiro de sucesos e devires delinean un delicioso mapamundi aventureiro coa forza do mito latexante a atraparnos en cada parágrafo. Os acertos de *Pepa A Loba* están á vista e merecen franco aplauso. Ora ben, tamén é de xustiza chamar a atención sobre aqueloutros aspectos nos que a obra trenquelea ou topenexa, pois non acaba de convencer. E non me refiro ao discutible aproveitamento histórico do que a obra parte, pois entendo que como texto de ficción este debe verse libre de atumes que o limiten á pedestre relación de feitos documentais. Non é esa a esencia da ficción e por aí, por máis que haxa voces discrepantes, nada pode esixírselle a unha obra de ficción. Agás, xaora, que esta obra se presente como unha recreación histórica fidedigna, cousa que aquí Reigosa deixa claro non acontece, pois interpreta a súa escrita cun neoloxismo que despexa calquera malentendido sobre deste particular: estamos perante unha *lendahistoria*. O que, coido, non ten moita explicación é o caos idiomático que na obra se produce. Os

atentados morfolóxicos, sintácticos, semánticos e ortográficos perpetrados son tantos e tan rechamantes, crean un ruído lingüístico de tal calibre, que a un lector minimamente formado lle resulta case que imposible concentrarse na lectura. ¿Como explicar, senón, a acentuación de interrogativos directos, o uso incorrecto dos pronomes lle/o, as confusións xenéricas de substantivos (o calor, etc.), a utilización indebida segundo a última revisión normativa dos sufixos -cio, -zo (*servicio, presencia...*) e os grupos consonánticos -cc- e -ct- seguidos de vogal pechada (*delictuosos*), a non alternancia na vogal lexemática de certos verbos (*subes* ou *sigue*, como presentes de indicativo), a errada colocación de pronomes átonos, as vacilacións nas grafías b/v (*votou* a lingua a pacer), o emprego confuso dos diacríticos (*présa* como encarcerada ou *das* como forma do verbo dar), a acentuación de agudos rematados en ditongos decrecentes, a ausencia/presenza de acentos en palabras que seguen as normas xerais de acentuación (*doeme, así, volveronse, afánnos, saise, sácarona...*), as abundantes confusións semánticas (*rellá/reixa, sono/soño, arume/aroma*, etc.) ou as varias ducias de castelanismos (algúns tan notorios como *grifo, testigo, gatillo, escalón...*)? Haberá, xaora, quen considere estas eivas menores, pois seguro que aínda hai quen opina que unha obra literaria e, polo tanto, unha literatura nacional pode moi ben construírse de xeito *normalizado* deixando que cada quen escriba segundo lle pete.

Os que tal opinan dou por sentando que non se queixarían nunca de que Auster, Mateo Díez ou Handke redactasen metrallando nas gramáticas das súas linguas. Nin tampouco se estrañarían de que as súas casas editoras deixasen que os libros se publicasen así. Sexa como for, deixo aquí o escrito como invitación á reflexión, pois entendo que explicar por que os personaxes estradenses da novela empregan constantemente dialectalismos mindonienses (zorollo, galaxa, coeiro, toco de madeira...), por que no Lalín do século XIX abundan as casas telladas con lousa, por que os parlamentos dos personaxes en catalán se reproducen nesta lingua pero os daqueles que, presumiblemente, falan en castelán (Concepción Arenal, por exemplo) son traducidos, por que se nos poñen notas a pé de páxina para traducir ora si ora non textos latinos, por que se inclúe unha chamada para explicar certas medidas antigas de lonxitude nalgúns casos (vara) e non noutros (legua) son preguntas que pouco achegan á consideración da obra. Como tampouco importará, seguramente, nunha obra literaria galega dun escritor de prestixio que figuren secuencias como estas: *paralizada por la sorpresa, sente detrás da cocina, camiñaba ocultándose dos vecinos, só pode significar unha cosa, e has ganar uns bos cartos, todo será como ti quieres, engordaban o seu cuerpo...* A que vai ser que o meu exemplar viña defectuoso...

// Armando Requeixo